
A FONDO

Caderno de análise.
Quinta-feira, 6 de marzo de 2014 • Número 57

SEROS GALIZA



o exército invisible

8 DE MARZO: XÉNERO, UNHA CUESTIÓN DE CLASE

Este 8 de marzo conmemórase o Día Internacional das Mulleres. Unha data sinalada na que pór o foco sobre os seus dereitos e máis a respecto daqueles que están en cuestión. Aos embates da dereita neoliberal, que zoupa forte contra o conxunto da clase traballadora --afondando nas desigualdades de xénero-- súmanse os ataques reaccionarios e machistas contra a saúde sexual e reprodutiva das mulleres, a (re)producción de roles e estereotipos ou mesmo a adopción por parte das novas xeracións de comportamentos patriarcais que rachan coa vontade transformadora do movemento feminista. Con motivo deste 8 de marzo presentamos un caderno arredor dos dereitos das mulleres. Eses que, (de novo) na encrucillada, continúan a situar a loita pola emancipación das mulleres no primeiro plano da axenda feminista. Mais non só.

Este día tamén visa pular por un outro modelo social, económico e político, non só alternativo, senón transformador. Ilustración: Dexeneroconstruccion.

8 de Março nom é um dia, é toda uma vida

<<O feminismo, além dumha ferramenta de análise da realidade, é também práxis>>

A campanha "8 de Março nom é um dia, é toda uma vida" foi a resposta dum sector do movimento feminista independente, nom ligado a instituições nem partidos políticos, às dinâmicas em que nós próprias nos encontrávamos.

Decidiu-se fazer umha convocatória aberta onde qualquer mulher podia propor e organizar umha ou mais atividades a partir do 8 de Março. Queríamos desmistificá-lo, questionar que se pusessem todas as energias e esforços num só dia, que até as instituições, e precisamente elas, estavam a utilizar junto com o 25 de Novembro, como algo anedótico com que apenas cumprir com a quota de "igualdade" anual.

As atividades propostas fôrom sucedendo-se até junho e incluíram a entrega dos "PPremios: foidas e caladiñas... pero con ilusión", em resposta à atividade do Concelho da Corunha para esse dia, timbada poética, Teatro da Oprimida, festa feminista, fotografia, teatro express, debates, e também dentro desse quadro tiveram lugar as "I Jornadas de Economía Feminista" em Arteijo.

Contudo nom seria justo pensar que este tipo de processos surgem dum dia para outro, como também nom o seria pensar que estamos agora no momento culminante, embora sim seja certo que cada vez temos mais capacidade para abrir mais linhas de açom e começar a conectar com outras mulheres e ativismos afins.

Poderíamos pois nos remontar aos primeiros Cafés Feministas em 2009, espaços abertos de reflexom onde muitas nos conhecemos e compartimos a necessidade de estruturas flexíveis para nos repensar. Ou à organizaçom dos 100 anos do 8 de Março, em 2010, onde ocupamos durante um dia inteiro o bairro da Agra do Orçam, poucas vezes escolhido como espaço de reivindicaçom social, e no qual 9 coletivos procuramos dar um carácter diferente ao Dia Internacional das Mulheres.

Daí viriam mais tentativas de açom e construçom comuns até chegarmos ao verão de 2012 em que Gallardón anuncia a reforma da Lei de Interrupçom Voluntária da Gravidez, e onde umha diversidade de mulheres reivindicamos como espaço de reuniom a rua, e a raiva e a alegria como estratégia de açom. Desse grupo que iria apoiar mais tarde as mobilizações dos COFs, surgiria a proposta da campanha de "8 de Março nom é um dia,

é toda umha vida", e pouco mais tarde o coletivo "Açom Rabuda".

Começamos assim a olhar para um trabalho mais interno e de processos, o que nom é doado, mas aí estamos, ao mesmo tempo que participamos ativamente com outras eministas autónomas da cidade em ações e debates nos bairros contra a Lei Gallardón.

Na procura dum feminismo autónomo une-nos a vontade de mostrar com factos concretos que o feminismo, além dumha ferramenta de análise da realidade, é também práxis e será só através do nosso trabalho de cada dia que as ideias se transformaram em realidade.

SAIR DOS MOLDES

Se umha das razões que nos moveu foi a vontade de sair dos moldes das festas, datas e agendas políticas consagradas, outra é sem dúvida a vontade de experimentar umha maneira de trabalhar em comum que se afaste dos esquemas dos partidos ou doutras organizações "formais", e que se baseie na identidade e dignidade feminista. Isso implica o reconhecimento da nossa potencialidade, afastando-nos da ideia de mulheres vítimas de que tanto gostam os governos. Somos mulheres sujeito da política que ocupam espaços, ganham reconhecimento e querem justiça. Esse posicionamento político requer umha mudança na nossa maneira de nos organizarmos, porque ter umha identidade e umha dignidade feminista exige respostas. Rompemos com a "política dos monólogos" e com o costume de dizer às mulheres o que têm de fazer ou pensar. Rompemos com as estruturas hierárquicas dos partidos e construímos maneiras de trabalhar horizontais e participativas.

DOMINAÇOM HETEROPATRIARCAL

Protestar está bem, mas onde está a construçom? Vivemos numha dominaçom heteropatriarcal: se queremos que as cousas mudem, temos de começar fazendo-as de jeito diferente, sem esperar que o mesmo poder que queremos destruir nos ceda espaço. Exercer as nossas potencialidades requer dumha mudança constante, participativa e prática.

Portanto, entrarmos nas dinâmicas da institucionalizaçom do 8 de Março, nom tem hipótese. É umha festa anacreontística? Nom. Ofensiva? Nom. Degradante? Obviamente nom. Se a tradiçom de celebrar o dia da Mulher Trabalhadora com manifestações, atividades, palestras pode acordar ou chegar a vontade de mudança de só umha pessoa, já valeu a pena. Mas nós queremos mais porque sabemos que podemos fazer mais.

Por essa razom estamos juntando forças em todo o país. Queremos mostrar como muitas mulheres da Galiza existem e trabalham para umha sociedade nom patriarcal. Um trabalho do dia-a-dia que emerge através da nossa presença nas ruas, do nosso contacto com as necessidades reais das pessoas. A cidadania está a ver o que o feminismo é capaz de criar.





A situación das galegas desde unha perspectiva de clase

Somos moitas as que reivindicamos a ideoloxía de clase da conmemoración do 8 de marzo. Por iso acompañamos o substantivo traballadora a esta data. Porque é preciso recuperar da historia colectiva o xermolo proletario que agora aparece esvaído e encuberto de tintes consumistas propios do capitalismo.

Non obviamos que todas as mulleres sufrimos discriminacións que nos son comúns froito do patriarcado, mais tampouco podemos esquecer que todas as medidas postas en marcha polo goberno do PP están deseñadas para empobrecer a clase traballadora galega e para criminalizar a protesta, co obxecto de minimizar a forza da nosa resposta. Pasaron do recorte económico ao recorte ideolóxico. Pretenden devolver as mulleres ao rol reprodutivo e de coidado, ou ben para explotarnos dobremente, pagándonos menos salario, e garantindo que contribuíamos ao sistema facéndonos cargo das tarefas de coidado, ao tempo que desempeñamos o noso labor no campo produtivo, coas consecuencias que isto ten para a nosa saúde, para a nosa economía, e na protección social.

MARCO LEXISLATIVO PROPIO DO FRANQUISMO

Á reforma laboral, á privatización dos servizos públicos, ao incremento das taxas xudiciais, dos prezos das matrículas no ensino público, dos comedores escolares, os recortes nas axudas e nas bolsas estudiantís, á suba de impostos, ao copagamento nos servizos de atención á dependencia, copagamento farmacéutico, á eliminación da universalidade no acceso aos servizos públicos de saúde, á redución dos salarios, ao abaratamento do despedimento, á reforma das pensións, ás altas cifras de desemprego, á emigración da mocidade, aos desafuzamentos, etc., temos que sumar tamén un marco lexislativo propio do franquismo: reforma do Código Penal, o anteproxecto de Lei para a protección da seguridade cidadá, a reforma das mutuas, ou a contrarreforma da lei do aborto.

A reforma das pensións, que introduciu o atraso na idade de xubilación e o alongamento do período para o cálculo das pensións, dificultou o acceso das

<<As mulleres da CIG continuaremos co noso labor revolucionario de cuestionar e mudar o poder establecido>>

mulleres a estas e reduciu a súa contía, ao cotizar menos anos por mor da precariedade laboral, por interrupcións ou diminucións da cotización derivadas do exercicio da maternidade e da conciliación.

A reforma laboral facilitou aínda máis o despedimento e a redución de salarios, precarizou as condicións de traballo, fomentou o uso de contratos lixo para a mocidade, e permitiu que sexan as empresas as que establezan os criterios para redución de xornada por coidado e, aínda que ampliou o dereito para o coidado dos 8 aos 12 anos, non estendeu a duración da súa protección social, nin mellorou a protección no caso do coidado de dependentes.

A temporalidade e a precariedade laboral, xunto co traballo somerxido, seguen a ser aspectos definitorios do traballo das mulleres no sector privado. Mais o sector público foi tamén branco dos recortes, co consecuente efecto negativo sobre nós, por termos unha maior representación nel, por sermos as que máis acusamos os efectos da privatización e do copagamento nos servizos públicos e a despro-

tección social, e as que substituímos este recorte no gasto público, mediante o noso traballo invisíbel e non remunerado no ámbito do fogar.

Opuxéronse á dispensación da píula postcoital sen receitas nas farmacias, delegando a responsabilidade de asesorar a embarazadas a organizacións relixiosas e antiabortistas, eliminando do catálogo gratuito moitas das fórmulas máis empregadas de píulas anticonceptivas, obstaculizando o acceso a tratamentos de fecundación asistida a mulleres soas, e agora negando a posibilidade de interromper o embarazo. Todas estas iniciativas supoñen un negocio moi rendíbel para o sector privado, pero ademais, pretenden manter ligada a sexualidade á reprodución, sometendo os nosos corpos aos seus ditados.

Mais as galegas non imos consentir esta tutelaxe, esta domesticación, non imos someternos á imposición, conscientes do que simboliza o 8 de Marzo. As mulleres da CIG continuaremos co noso labor revolucionario de cuestionar e mudar o poder establecido, combatendo as políticas de recortes da dereita, defendendo os nosos dereitos e as nosas liberdades, nos centros de traballo, nos conflitos sectoriais, nas mobilizacións na defensa dos servizos públicos, do noso idioma, polo noso dereito a decidir, recollendo sinaturas para a *ILP de Medidas para a creación de emprego en Galiza*, espallando entre a cidadanía que hai alternativas para saír da crise, feitas dende unha perspectiva galega, de defensa dos nosos intereses.

A nosa loita é unha loita nacionalista, feminista e de clase. Por un 8 de Marzo combativo, participaremos activamente na manifestación convocada o vindeiro 9 de Marzo pola *Plataforma Galega Polo Dereito ao Aborto*, e o Día da Clase Obreira Galega, nas mobilizacións convocadas pola CIG. Desde o PP pretenden que fiquemos na casa, nós imos respotalles na rúa!

Por Margarida Corral Sánchez
Secretaría Confederal das Mulleres da CIG

Bata(s) por fóra, muller(es) por dentro

Bata por fóra, muller por dentro é o título do documental dirixido pola viguesa Claudia Brenlla, unha oda a unha prenda de vestir feita símbolo, un símbolo de identidade que nos conecta coas nosas nais, coas nosas avoas, coas nosas veciñas, coas nosas labregas... coas mulleres obreiras. Unha oda a unha prenda que fala da dignidade das mulleres que alimentan o mundo cos seus coidados, cos seus saberes, co seu traballo. Mais a bata é tamén a roupa de faena que aínda hoxe se emprega en sectores feminizados como son o da conserva, o do textil ou o do emprego do fogar. Son

xustamente estes tres os que escollemos para procurarmos testemuñas para esta reportaxe. Conversamos con Marifé, quen nos explica por que a loita das traballadoras da conserva foi unha briga mesmo dentro das súas casas. Comprobamos a velocidade con que Sira é quen de enumerar a listaxe infinita de tarefas que realiza no seu fogar despois da xornada laboral remunerada de oito horas no fogar doutra familia. Contraponemos os relatos de Dorinda e Paz para concluír que en máis de trinta anos as mudanzas nas condicións laborais das traballadoras do textil ou non existen ou non se notan. E facemos as


malas para nos achegarmos ao punto de embarque do aeroporto de Lavacolla, onde Ofelia tivo que se poñer contra o encargado da súa empresa até conseguir que lle permitise ir ao baño nos días da regra. Catro mostras de que, con batas ou sen elas, as vidas das mulleres, das obreiras, fican sometidas ao modelo económico en que (sobre)viven. Até cando falamos do seu acceso ao mercado de traballo.

Beti Vázquez
Xornalista

Os salarios 'auxiliares' das mulleres do peixe

Foron dous conflitos laborais, os acontecidos nas fábricas de Alfacame e Cuca, os que permitiron coñecer de primeira man as historias de vida das traballadoras da conserva. Así, en feminino e plural, porque nestas industrias do mar o 98% son mulleres. As súas experiencias son todo un exercicio de memoria colectiva, un paseo polo noso pasado... ou non tan pasado. Sen lle chamaren violencia relatan a violencia. A patronal e a estrutural. Sen lle chamaren xénero nen lle chamaren clase, unha vida dedicada á conserva permitiulles camiñar cara a unha consciencia que mistura ambos os dous conceptos para concluíren que, tanto o de Alfacame coma o de Cuca, se fosen homes os afectados se callar nengún dos dous conflitos tería acontecido.

"Sei de moitas compañeiras que tiveron problemas na casa por participaren nos encerros", conta Marifé cando fala das xornadas continuadas de loita que as traballadoras protagonizaron, en bata de faena, pola defensa dos seus empregos. "Eles ían e viñan e non pasaba nada, nada mudaba, porque saían almorzados e ao voltaren tiñan a comida no prato e a roupa lavada", acrecenta. Por que non se comprendeu a importancia das reivindicacións? Porque os seus salarios nunca foron considerados coma tal, senón coma unha sorte de axuda para a casa que viña complementar o salario principal: o do home. "E claro, non se nos vai pagar o mesmo que a eles! Nós, ao fin, xa temos os nosos maridos...", ironiza Marifé. Desde 1976 estivo ligada á conserva. 34 anos. "Antes traballabamos máis horas, mais había outra harmonía. Agora só somos números".



Empregadas do fogar: dignificar 'sus labores'

Durante os anos da ditadura, namentres os documentos de identidade obrigaron a colocar a ocupación de cadaquen, as mulleres que estaban no desemprego eran amas de casa dedicadas a sus labores. "Nunca o vin como un conflito até que empecei a gañarme a vida limpando casas e cociñando para outras familias. Porque cando volto para a casa despois de gañar o día, quito unha bata e teño que poñer outra. O meu home está sentado detrás da cociña de ferro. Se non lle deixei a cea feita prepáraa, mais só para el, cómea e prende a televisión. Namentres eu atendo os meus tíos, dependentes os dous, avío os porcos e o resto da facenda, preparo o xantar para o día seguinte, poño a lavadora, ou estendo roupa, ou entálloa, lavo a louza e fago a cea para min. Os sábados de mañá vou ás casas e, de tarde, aos eidos. El só vén cando hai que levar o tractor".

Alto e claro fala Sira, quen recoñece que sempre lles pedía aos fillos que colocasen como profesión dela "ama de casa" porque "daquela o de ama faciame sentir que mandaba algo, que decidía, que polo menos tiña as rendas dalgunha cousa".

Após 12 anos como empregada do fogar, limpando e cociñando noutra casa que non é a dela e recibindo un salario por o facer, "deixei de dicir aquilo de 'vergoña che debía dar que o teu home cociñe ou varra habendo tres mulleres na casa'".

A loita por dignificar as condicións laborais das empregadas do fogar vai parella á reivindicación de que as 'cousas da casa', sus labores, supoñen para as mulleres unha dupla xornada de traballo que nen se remunera nen conta no Produto Interior Bruto. Que acontecería se todas as 'Siras' encetasen unha folga de coidados?



Imaxes: CC BY-SA Setem Campaña 'Roupa Limpas' (p.4) e Gz-Videos (p.5).

Fotografía de arquivo dunha asemblea das traballadoras da conserveira Alfaceme ás portas da fábrica.

Coser as camisas que non van poder pagar

"Traballabamos de sete a tres. Sen nos erguer da máquina, xantabamos un bocadillo e estabamos até as dez ou as once da noite. Para practicar. Sen seguro e sen salario durante un ano. Despois soubemos que pagaban mellor por facer pantalóns que por facer camisas e empezamos desde cero máis unha vez". O relato é de cando Dorinda empezou no textil, hai agora 38 anos. E, deseguido, colocamos o testemuño de Paz, actual, de calquera día desta semana ou deste mes namentres a fábrica da Coruña en que traballa non bote o fecho: "Sabemos cando entramos mais nunca cando saímos. Cobramos o que nos dan e se nos queixamos 'a la puta calle', como nos di a xefa. Esixen facer todo o mercado para cada xornada e recórdannos que hai moitas mulleres no desemprego rabeando por sentar nas nosas cadeiras".

Dorinda traballou nun taller auxiliar ao ditado de nomes coñecidos coma Adolfo Domínguez, Carolina Herrera ou Caramelo. Paz faino ao ditado de Amancio Ortega. Que mudou nestes anos? Para alén de que entre 2006 e 2010 se destruíron 6.000 postos de traballo, nada. Non existe nengunha mellora normativa específica a respeito das vellas demandas das mulleres do textil, coma os permisos de maternidade. A presión cébase nas empregadas que piden unha redución de xornada. As obreiras que fican grávidas non as volven contratar, prevendo que faltarán ao traballo polas citacións médicas. O modelo de contrato por campaña impide acceder ao plus de antigüidade.

"Sabemos cando entramos mais nunca cando saímos. Cobramos o que nos dan e calamos"

Un cadrante para saber cando lles baixa a regra

Contan as nosas avoas, mesmo as nosas nais, como cando eran nenas non lles estaba permitido duchárense namentres estaban a menstruar porque se lles cortaba a regra. Non podían amasar a zorza na matanza porque se derramaba. Ou non podían comer algúns alimentos, coma conservas ou pescado, porque lles saían manchas na pel. Hai quen acredita en que as reivindicacións feministas hoxe son algo menos necesarias porque as mulleres xa poden xantar polbo e darse un baño malia teren a regra. Ofelia fala para quen así pensa.

"Teño acabado quendas mollada até os nocellos e agora o pantalón do uniforme é gris escuro, mais antes era beige", describe con claridade. É empregada da seguridade privada no aeroporto compostelán de Lavacolla desde hai sete anos.

As mostras de discriminación durante ese tempo foron medrando até o punto de que @s traballador@s —tamén os homes— están obrigad@s a botar 12h de pé sen posibilidade de abandonaren o seu posto —no filtro de embarque no

caso desta testemuña— nen sequera para iren ao baño. E elas até hai uns meses non o podían facer tampouco malia estaren coa regra. Após varias queixas, o encargado pediulles un 'calendario menstrual' para autorizar os correspondentes relevos. Malia que os dereitos laborais nesta empresa, Secur-Ibérica, vinculada ao ministerio español de Defensa, fican vulnerados para tod@s @s traballador@s, o relato de Ofelia amosa máis unha cara da violencia de xénero, desta volta ligada ao emprego.

"Teño acabado quendas mollada até os nocellos e o pantalón agora é gris escuro, mais antes era beige"

A fina barreira entre a baixa e a alta intensidade: micromachismos de cada día

Atopámonos nun momento social onde a violencia patriarcal mostra a súa cara máis terrible e asasina a mulleres aínda baixo a concepción de que somos propiedade dos homes, que temos que someternos a eles e así eles deciden sobre as nosas vidas, onde o estado e a igrexa entran nos nosos corpos para legislar sobre eles e manter esa estrutura de dominación, onde o medios participan e nos revictimizan unha e outra vez. Ademais de loitar contra todo isto, desde os feminismos, estase a prestar moita atención tamén aos chamados micromachismos, esa violencia aparentemente feble e confusa que cada día as mulleres vivemos tanto no espazo privado como no público.


Dentro da concepción de micromachismos que acuñou o psicoterapeuta Luis Bonino, dáselle unha especial importancia aos actos de violencia de "baixa intensidade" no ámbito mais privado, onde a través da falta de corresponsabilidade se produce un sometemento das mulleres asignándosenos roles de cuidadoras e con espazos moi limitados e sempre supervisados polos homes. A sexualidade no ámbito privado é outra das ferramentas nas que as mulleres ás veces temos asignado un rol con pouco poder de decisión, tanto para o noso disfrute como no xeito de conceber ditas relacións.

Neste senso xoga un papel decisivo a cada vez mais inexistente educación afectivo sexual ou, senón inexistente, reforzadora dese rol sumiso onde as mulleres temos destinada a nosa sexualidade ao obxectivo da procreación ou do pracer do home. Son eles os que normalmente arriscan a saúde propia e a da compañeira, resistíndose ao uso de anticonceptivos de barreira, que non só evitan embarazos, senón que protexen de enfermidades de transmisión sexual. Estudos entre a mocidade expoñen como ás veces, e ante o risco a ser rexeitadas polo feito de impoñer o uso destes anticonceptivos, as rapazas aceptan prácticas insanas dos seus compañeiros de leito.

Cando saímos ao espazo público observamos que en case todos os ámbitos seguimos a sufrir esa violencia encuberta, ou non tan encuberta.

O PIROPO COMO FORMA DE VIOLENCIA

Un debate moi habitual é o do piropo como forma de violencia, é difícil de asumir por parte dos homes, sintense na liberdade de opinar acerca da beleza e do que lles provoca ver mulleres pola rúa que lles gustan, o que non entenden é que unha muller pódese sentir molesta ou incluso acosada cando está tomando un espazo que nunca nos foi recoñecido en igual liberdade como é a rúa, e un home ou grupo de homes (é conducta habitual que os homes piropoadores se crezan cando están en grupo) a ou as increpan usando como pretexto a súa atracción sexual. Non teñen en conta que, existen bastantes posibilidades de que esa ou esas mulleres sufriran agresións sexuais de diferente intensidade ao longo da súa vida, e que unha actitude de suposto piropo pode facerlle sentir até medo, e aínda sen chegar a ese extremo sentirse



un obxecto de desexo, un obxecto decorativo, un obxecto ao fin ao cabo, cando simplemente estamos usando o espazo público que tamén nos pertence. Ao respecto deste tema traballa moito Alicia Murillo a través do seu proxecto *O Cazador Cazado* onde pon en evidencia ao supostos piropoadores gravándoos e alterando os roles, intimidando cunha cámara ao intimidador.


Tamén na liña do piropo está o uso da estrutura patriarcal para ligar, onde ao igual que comentaba ao principio, ás veces se poñen en xogo relacións sexuais arriscadas. Tamén no momento do cortexo aínda temos que aguantar que un "non" non se entenda como un "non", senon como un "pode ser" ou ter incluso que recurrir a finxir estar nunha relación monógama porque o simple argumento de que non nos interesa seguir co xogo non é suficiente, algúns homes só respetan que sexamos "propiedade" doutros homes para cexar no seu empeño de ligar con nós. Estas situacións levan ás veces a outras de maior intensidade cando a pesar de deixarnos levar polo xogo, no momento de iniciar unha relación sexual decidimos que non nos apetece culminala ou levala onde o home quere, nese caso o menos grave é unha estigmatización da muller como *calientapollas* outras

vezes, pode levar a casos incluso de violacións, como trata no seu artigo *Yo quería sexo pero no así* a xornalista vasca June Fernández, onde unha relación que comeza sendo consentida convértese nunha violación porque a muller perde o seu dereito a decidir en calquera momento que non lle apetece seguir adiante.

Con todo isto pretendemos mostrar, desde os feminismos, que non temos que aguantar esta violencia de suposta "baixa intensidade" porque non deixa de ser violencia e nos limita a nosa liberdade, e, en segundo lugar, que a liña entre a baixa intensidade e a alta é moi pequena, polo que non podemos restarlle importancia a estes comportamentos aos que cada día nos enfrontamos, tanto no ámbito privado como no público, só polo feito de ser mulleres e da falta dunha educación en valores de respecto e igualdade que pode ser o único xeito de ir provocando un cambio neste sistema que aínda nos oprime con forza a través dos seus múltiples tentáculos.

Por Rocío Fraga Sáenz é socióloga
Activista feminista

A arquitectura ten xénero?



<<A realidade material dos espazos que habitamos revela unha maneira de entender o territorio: a pensada por e para o home>>

Dende antigo, a arquitectura foi un máis dos campos dominados polo home. Ata ben entrado o século XX poucas mulleres fixeron desta a súa profesión, e as que tal cousa ousaron foron relegadas a un segundo plano ou concentraron o seu labor en tarefas consideradas máis propiamente femininas pola súa vinculación ao doméstico, tal como o deseño de interiores ou de mobiliario. Invisibilización historiográfica, discriminacións salariais, infrarrepresentación en postos de liderazgo... moitos son os exemplos mostra de desigualdade que aínda hoxe padecemos.

Malia que dende o ano 2004 a proporción de alumnas é lixeiramente maior á de alumnos na ETS de Arquitectura de Coruña, este feito non se traduce no persoal docente, no ano 2012 de 126 ensinantes tan só 16 eran arquitectas. Ademais, a docencia continúa sendo cómplice do sistema patriarcal dominante e se isto non se cuestiona, proséguese exercendo a profesión dende a óptica do poder á marxe de que se sexa home ou muller. A presenza e recoñecemento de mulleres estudantes e docentes de arquitectura é un paso importante de cara á normalización da profesión, mais non asegura un cambio na praxe da arquitectura. Seguimos asumindo discursos que invisibilizan e reproducen uns determinados patróns que non incorporan a perspectiva de xénero, garante do camiño cara á igualdade efectiva.

ESTRATEGIAS DE SUPERVIVENCIA

Do mesmo xeito, o número de arquitectas que exerce diminúe a respeito do que se forma. As problemáticas son comúns a outras disciplinas: o treito salarial, a conciliación, o teito de cristal, a maternidade... Neste contexto, as estratexias de supervivencia adoitan coincidir; o emprendemento concíbese como a alternativa a través da cal desenvolver o seu potencial libremente en oposición ó traballo asalariado, no que adoitan perder visibilidade ou capacidade de promocionar. Axuda o auxe do traballo en equipo e a multidisciplinaridade dos estudos actuais, que sen dúbida representan novos modelos laborais a ter en conta.

E botando a vista á realidade material dos espazos que habitamos, esta revela unha determinada manei-

ra de entender o territorio: a pensada por e para o home. O home representa o canon na arte, na literatura, no cine... e tamén na arquitectura. O canon é o suxeito central da cultura e defínese como *masculino, branco, burgués, heterosexual, occidental*, e tamén, como apunta a escritora Dolores Ruíz, ben parecido e san. Segundo isto, as persoas de mobilidade reducida tampouco cumprirían estes esixentes requisitos. O canon supón un proceso de selección e, á vez, de exclusión.

No proceso histórico, este androcentrismo lexitimouse por insituacións como o estado e as universidades, non quedando allea a historiografía, a normativa técnica e o planeamento. Obviáronse as necesidades dunha boa parte da poboación que non encaixa dentro deste estándar, fundamentalmente mulleres por ser a metade, pero tamén crianzas, maiores, persoas discapacitadas e mesmo calquera home que non pase a criba socio-racial.

VEHÍCULO PRIVADO VERSUS TRANSPORTE PÚBLICO

Dexeneroconstrucción.

Dende o punto de vista da mobilidade, por exemplo, prima no noso territorio o transporte en vehículo privado, en detrimento do

transporte público, usado maioritariamente por estes sectores sociais. A zonificación promovida polo movemento moderno tende a segregar as distintas funcións da cidade aumentando os tempos dos desprazamentos multipropósito femininos (percorridos poligonais para realizar unha cadea de tarefas vs. percorridos lineais masculinos da casa ao traballo). Apostar pola mestura de usos e os equipamentos de proximidade é clave para manter a vida dos barrios e promover a súa rexeneración urbana.

A accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas constitúen igualmente aspectos capitais. O deseño urbano pode xerar obstáculos insalvables para unha cadeira de rodas, carriños da compra ou de crianzas. Ademais, cómpre propiciar ámbitos seguros, garantindo unha iluminación amable e proxectando espazos que favorezan o control social informal das persoas sobre o entorno (boa visibilidade, afluencia...).

Canto á vivenda, ámbito tradicional da muller, a miúdo esquécese aspectos fundamentais relacionados coa realización das labours cotiás. Cociñas e espazos de servizo básicos nunha vivenda adoitan ocultarse ou tratarse como residuais, cando non son directamente sacrificados, dificultando enormemente o traballo da casa. A conversión do cuarto de convidados no cuarto para reparar, no da costura ou no dos trastos, non é senón a expresión desas necesidades obviadas.

Malia a pervivencia de desigualdades, prodúcense avances. Cada vez son máis os colectivos que traballan sobre o tema motivados pola vontade de facer unha cidade máis inclusiva e participativa, tamén en Galiza. É vital para quen proxecta as nosas vivendas e vilas tomar consciencia do acerto da incorporación da perspectiva de xénero para crear lugares máis habitables, só 'dexeneroconstruíndo' poderemos combater estas formas de inxustiza social.

Por María Novas e Sofía Paleo
Arquitectas e integrantes de
Dexeneroconstrucción
www.dexeneroconstruccion.com

CONTRACAPA

DE ROSALÍA DE CASTRO A ANGELA DAVIS, XÉNERO E CLASE NO PENSAMENTO FEMINISTA

Daquelas que cantan as pombas i as frores
todos din que teñen alma de muller,
Pois eu que n'as canto, Virxe da Paloma,
¡Ail, ¿De que a terei?

Estes versos datan de finais do século XIX e deles abrolla unha conciencia de xénero que, naquela altura, semellaba reservada só para unhas poucas como Virginia Woolf ou Mary Shelley. As liñas que encabezan esta páxina pertencen ao poema *Vaguedás* publicado por Rosalía de Castro en 1880 na súa emblemática obra, *Follas Novas*.

A profundidade e complexidade da cuestión que Rosalía achega é tal que de ter nacido nun país normalizado, de ter escrito o grosso da súa obra nunha lingua normalizada, fragmentos coma o que se presenta ao comezo destas liñas terían sido difundidos e estudados como un dos primeiros chanzos cara á construción dos feminismos a nivel internacional.

Mais o pensamento rosaliano –movido pola súa conciencia de xénero– levouna a dedicar boa parte da súa obra ás “innumerábeis coitas das nosas mulleres”, como ela propia explica no prólogo de *Follas Novas* baixo o epígrafe ‘Dúas palabras da autora’.

Labregas e mariñeiras, as historias das mulleres galegas coetáneas a Rosalía de Castro foron gravadas nos seus versos, sabedora de que embora seren as traballadoras o cerne dos seus cantares “as multitudes dos nosos campos tardarán en ler estes versos, escritos a causa deles pero só en certo modo para eles”. Óllese agora a capacidade da autora para analizar unha intersección entre a cuestión de xénero e de clase, consciente do réxime de dominación e explotación ao que estaba submetida a clase traballadora e, de maneira específica, as mulleres.

A CUESTIÓN NACIONAL

Aliás, as mulleres das que Rosalía fala non presentan os mesmos trazos que as obreiras de Castela [véxase a importancia da emigración] nen das sufragistas estadounidenses de finais do XIX (un movemento burgués), o que engade un outro cariz: a cuestión nacional e, por ende, o réxime colonial instaurado na Galiza.

Séculos máis tarde, Angela Davis centraría a súa obra no estudo da teoría da interseccionalidade ao subliñar a opresión que atinxe as mulleres traballadoras negras dos EUA en relación a un incipiente movemento feminista de corte racista-burgués e o sexismo existente na loita a prol dos dereitos civís nos EUA, converténdose así a súa obra *Woman, race and class* nun dos libros fundamentais do black feminism (feminismo negro).

Ao igual que Rosalía e Davis, este caderno editado con motivo do 8 de marzo, quixo enfatizar (humildementel) o carácter transversal e interseccional da loita feminista que, para alén de xirar arredor da existencia das mulleres en tanto que suxeito político, da reivindicación dos dereitos sexuais e reprodutivos e da loita a prol da soberanía dos corpos (cuestións estas de grande actualidade froito da contra-reforma do aborto) contén tamén unha ollada de clase no que é un movemento por natureza emancipador e transformador.

Os feminismos, moitas veces acoutados nunha visión (interesada?) e reducionista á loita a prol dos dereitos das mulleres e contra a violencia machista, non son só unha cuestión de xénero senón unha ollada coa que interpretarmos a realidade para actuarmos sobre ela e mudala de maneira radical en todos os seus niveis e estruturas pois só da man dun sistema económico, político e social novo --solidario, xusto e equitativo-- poderá abrollar unha sociedade verdadeiramente libre.

